

BANDO INFORMATIVO COVID-19 EN VIANA DO BOLO E NOVAS MEDIDAS

En relación á *ORDE do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.*, publicada no DOG núm. 212-bis do 21/10/2020, infórmase á veciñanza que, dende as 00.00 h de hoxe, día 22 de outubro de 2020, os **grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados están limitados a un máximo de 5 persoas**, salvo no caso de **persoas convivintes**. Esta limitación non será aplicable no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Os **establecementos e locais retallistas** e de actividades e servizos profesionais deberán **limitar o seu aforo ó 50% da súa capacidade total**. Nos **establecementos de hostalaría e restauración** tampouco poderá superarse o **aforo do 50%** para o consumo no interior local, que **unicamente poderá realizarse sentado en mesa, non permitíndose o consumo en barra**. As **terrazas ao aire libre** limitarán a súa capacidade ao **75 % das mesas permitidas na licenza municipal do ano 2019**.

Para a práctica da **actividade física e deportiva non federada**, individual e colectiva, ao **aire libre**, e de **práctica colectiva en instalacións e centros deportivos**, poderase realizar en **grupos de até 5 persoas**, sexan ou non convivintes, e sen contar o/a monitor/a.

Por outra banda, en relación á **situación do COVID-19 no Concello de Viana do Bolo**, o Servizo Galego de Saúde continúa a realizar o rastrexo de contactos e as probas PCR na Residencia de Maiores, seguindo os protocolos correspondentes. Reitérase a toda a veciñanza a necesidade de manter as medidas de hixiene persoal e colectiva e de manter a debida separación entre persoas.

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 22 de outubro do 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

